

A POESÍA ENTRE 1936 E 1975: A XERACIÓN DO 36, A PROMOCIÓN DE ENLACE, A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

O estalido da Guerra Civil e a inmediata represión política iniciada en Galiza no ano 1936 sinalan o comezo traumático do **segundo período** en que adoitamos dividir a literatura galega do século XX. Tras a derrota da II República, no ano 1939, comeza un longo período histórico de ditadura, caracterizado no plano político polos seguintes trazos:

- Instauración dun réxime autoritario de inspiración fascista (o chamado “Movimiento Nacional”), baseado no nacionalcatolicismo, cun único partido político e un só sindicato.
- Represión ideolóxica e anulación dos máis elementais dereitos cidadáns: a liberdade de expresión (controlada mediante a censura), de reunión, de asociación, etc.
- Negación da diversidade cultural e lingüística do Estado.

Neste período podemos sinalar dúas etapas principais, segundo o contexto político e socio-económico:

- 1939-1950: despois dunha relación amigable cos fascismos europeos, o réxime franquista vese sometido a un illamento internacional e é condenado pola ONU polo seu carácter totalitario. A fame, a miseria¹ e a represión brutal de calquera indicio de oposición política² son as características destes anos.
- 1951-1975: como consecuencia da chamada “guerra fría”, o Estado español comeza a ser aceptado nalgúns organismos internacionais (a UNESCO, 1952; a ONU, 1955); isto provocará unha lenta liberalización formal do réxime, acompañada dunha actividade política clandestina (organización de partidos, sindicatos, etc.) que será duramente reprimida ata o final mesmo da ditadura³. En canto á sociedade e á economía, podemos salienta o abandono do mundo rural, a emigración a Europa e o crecemento industrial.

A guerra e a inmediata posguerra provocaron entre nós o silencio literario e a literatura galega desprazou a súa escrita e publicación ao exilio americano, fundamentalmente a Buenos Aires. Debido a isto, na poesía escrita no noso país durante a longa etapa da ditadura adóitase empregar como **marco cronolóxico inicial o ano 1950**, que corresponde á fundación da **editorial Galaxia**⁴, aínda que a poesía amosa algúns sinais de vida anteriores a esa data, como a publicación de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, en 1947.

Seguindo un criterio cronolóxico, na produción lírica destes anos podemos distinguir tres xeracións poéticas: a **Xeración do 36**, a **Promoción de Enlace** e a **Xeración das Festas Minervais**. Porén, moitos poetas compartiron trazos e tendencias e publicaron as súas obras simultaneamente. Como consecuencia da represión da época, nun primeiro momento predomina a poesía esteticista e intimista, que foxe da realidade; pasados os anos, aparecerá o compromiso social dos poetas.

A XERACIÓN DO 36

Esta primeira xeración poética da posguerra presenta as seguintes características comúns:

- Autores nados entre 1910 e 1920. Inician a súa formación baixo o maxisterio do Grupo Nós, a Xeración do 25 ou das Vangardas; son moi novos durante a II República, pero algúns xa publican as súas primeiras obras antes da guerra.
- Case todos foron mobilizados durante o conflito armado, de xeito que a súa traxectoria vital e literaria viuse fortemente marcada pola guerra e a posguerra.

Tematicamente é unha poesía moi diversa, que desenvolve as seguintes tendencias:

- **Hilozoísmo, imaxinismo ou animismo**. Continuación da liña poética de Amado Carballo, en

¹ As “cartillas” do racionamento de produtos e o “estraperlo” (venta ilegal e clandestina) son mostras daquela sociedade.

² Unha mostra de oposición organizada foi o movemento guerrilleiro, que comezou cos “fuxidos” (maquis), durante a guerra, e chegou ata mediados da década dos 50. “Foucellas” ou “O Piloto” son os nomes dalgúns dos xefes desta resistencia armada.

³ En setembro de 1975, un Franco case moribundo asina a condena a morte de cinco activistas políticos, a pesar das múltiples protestas e presións internacionais.

⁴ Galaxia aglutina persoas que antes da Guerra estiveran relacionadas coa Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos e o Partido Galeguista. Morto Castelao en 1950 e asentada a ditadura de Franco, un grupo de galeguistas que permaneceron en Galicia, encabezados por Ramón Piñeiro, abandonaron a **loita política** e emprenderon un **proxecto cultural**, con centro na Editorial Galaxia, fundada en Vigo, como órgano legal para prestixiar a lingua e a cultura. Esta nova empresa editorial xorde como fronte cultural, herdeira e continuadora do Grupo Nós. Para evitar a represión franquista, os homes de Galaxia **evitan a identificación da conciencia galeguista con posturas ideolóxicas e políticas**. Publican libros de ensaio, coleccións literarias, e a revista *Grial*. Entre os ensaístas destacan: Domingo García Sabell, Ramón Piñeiro, Ricardo Carvalho Calero e Francisco Fernández del Riego.

autores como Xosé María Álvarez Blázquez.

- **Neotrobadorismo.** En Álvaro Cunqueiro *Dona do corpo delgado* (1950) ou Xosé María Álvarez Blázquez, que publicou en 1953 o *Cancioneiro de Monfero* (1953), facendo un xogo literario como se fose un manuscrito do séc. XIII.
- **Clasicismo.** Incorporación de elementos da cultura clásica (formas métricas, reinterpretación de mitos). Foi cultivada por Carvalho Calero, Aquilino Iglesia Alvariño ou Cunqueiro.
- **Ruralismo.** Tradición do séc. XIX. Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé M^a Díaz Castro.
- **Intimismo.** Postura estética individual que aparece na obra de María Mariño.
- **Socialrealismo.** A desoladora situación en que vivían Galicia e España dá lugar á poesía de denuncia social, que dominará o panorama literario da década de 1960. Esta tendencia xa fora cultivada desde os anos 40 polos poetas do exilio (Luís Seoane, Emilio Pita, Lorenzo Varela), mais tivo escasa repercusión en Galicia por mor do illamento que provocaba a censura franquista. Esta liña de compromiso social entronca coa tradición dos séculos XIX (Curos Enríquez) e XX (Ramón Cabanillas). O discurso poético politízase e amplía a súa denuncia a outros contextos: ameaza nuclear, guerra do Vietnam, racismo... O socialrealismo non mudou só a temática, senón que afectou tamén á linguaxe e ao estilo literario, que se fan máis sinxelos e accesibles ao lector, ás veces chegando ao coloquialismo.



O autor e o libro emblemáticos desta corrente foron [Celso Emilio Ferreiro](#) (Celanova, 1912 - Vigo, 1979) e *Longa noite de pedra* (1962). O primeiro poema desta obra, nacido dunha experiencia biográfica⁵, converteríase, xunto con todo o libro, nun símbolo da ditadura franquista e da represión e falta de liberdade. *Longa noite de pedra*, que tivo unha grande difusión tamén fóra de Galiza (edicións, traducións, musicalización de poemas...), é un dos libros máis populares da nosa literatura e exerceu unha profunda influencia na poesía dos 60 e 70.

Amais da **poesía cívica**, Celso Emilio presenta outras dúas liñas temáticas: a **poesía satírica** (en que fai unha denuncia moral sobre a sociedade da época) e a **poesía intimista** (a nostalxia da infancia, a dor existencial, o amor pola súa muller Moraima...). Outros títulos de Celso Emilio Ferreiro son: *O soño sulagado* (1955), *Viaxe ao país dos ananos* (1968), *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968), *Antipoe-mas* (1972), *Cimiterio privado* (1973) e o seu derradeiro poemario, *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). A súa poesía salienta pola importancia dada á mensaxe e o emprego do humor e a ironía; na forma, pola sinxeleza e a procura do ritmo e a musicalidade.

Outros autores e autoras desta xeración son:

- **Aquilino Iglesia Alvariño** (Abadín, 1909 - Santiago, 1961): a súa obra *Cómaros verdes* (1947) marca o inicio da recuperación da literatura galega na posguerra.
- **Xosé María Díaz Castro** (Guitiriz, 1914 - Lugo, 1979): autor de *Nimbos* (1961), une na súa poesía ao paisaxismo, a temática existencial e a preocupación por Galicia, tema que o achega ao socialrealismo, como se pode ver no seu coñecido poema "Penélope".
- [María Mariño](#) (Noia, 1907- O Courel, 1967): foi autora de dous títulos, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990, ed. póstuma). A súa obra caracterízase polo intimismo filosófico e, na forma, polo uso moi orixinal que fai da lingua, ao liberala de estruturas lóxicas e sintácticas.
- [Pura Vázquez](#) (Ourense, 1918-2006): autora que transita do intimismo á protesta social, en poemarios como *Íntimas* (1952), *Maturidade* (1955) ou *Desmemoriado río* (1997).

A PROMOCIÓN DE ENLACE

As características deste grupo, que funciona como nexa entre a Xeración do 36 e a das Festas Minervais, son:

- Son persoas nadas da década de 1920. A súa formación ten lugar nas adversas circunstancias da primeira posguerra, nun contexto totalmente antigalego e illados das correntes culturais europeas.
- Como consecuencia do anterior, comezan a escribir en castelán, para rematar sendo autores bilingües ou monolingües en galego.
- A súa poesía combina a temática social coa expresión da angustia existencial.

⁵ O poeta lembra así a súa creación: "No ano 1937, sendo soldado, fun de permiso a Celanova. Unha muller, unha harpía, denuncioume atribuíndome unhas verbas que eu non tiña pronunciado. Detivéronme e encarceráronme no convento da vila, que daquela estaba convertido en prisión. O lugar onde me tiveron metido varios días, coa morte ouveando arredor, era unha antiga mazmorra do mosteiro, toda ela de pedra, e con tan pouca luz que o día semellaba noite. Alí naceu "in pectore" o poema que lle daría máis tarde título ao libro".

Algúns nomes desta xeración son: Manuel Cuña Novás, Antón Tovar e [Luz Pozo Garza](#) (Ribadeo, 1922 - A Coruña 2020): membro da RAG desde 1996. Na obra de Luz Pozo distinguimos dúas liñas temáticas: o intimismo (con grande presenza do tema do amor) e o compromiso e reflexión social. O seu primeiro título en galego foi *O paxaro na boca* (1952), onde salienta unha poesía vitalista e amorosa, que contrasta coa Escola da Tebra predominante nos anos 50. A súa poesía continuará ata a actualidade con obras como *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* ou *Vida secreta de Rosalía* (1996).

A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

É a xeración dos escritores máis novos da posguerra, caracterizados por :

- Son nados entre 1930 e 1940, e practicamente non viviron a experiencia da guerra. Teñen como mestres aos membros da Xeración do 36 e ás figuras do galeguismo ligadas a Galaxia, pero posúen unha forte personalidade que os leva a romper con esta xeración tanto no plano estético como no plano ideolóxico. Buscan referentes culturais no mundo francés e anglo-americano (jazz, rock, cómic, movemento *beat*, o *nouveau roman* ...).
- Déronse a coñecer nas chamadas **Festas Minervais**, certames literarios celebrados na Universidade de Santiago nos anos 50, e continuaron a súa produción na literatura máis actual, a que vai desde 1975 ata os nosos días.
- Moitos colaboraron no suplemento cultural do diario compostelán *La Noche*, na creación da colección literaria Illa Nova, da editorial Galaxia, ou na formación do grupo "Brais Pinto" en Madrid no ano 1958.
- En xeral, presentan dúas liñas poéticas sucesivas: primeiro, un intimismo existencialista propio da Escola da Tebra, e despois, o paso á poesía social e a unha maior diversidade temática.

Os seus representantes principais son:

- Manuel María Fernández Teixeiro, coñecido literariamente como [Manuel María](#) (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004): é un dos escritores máis prolíficos e coñecidos da nosa literatura. Comezou como poeta intimista (*Muiñeiro de brétemas*, 1950 ou *Morrendo a cada intre*, 1952), para ir ensaiando despois, ao longo de case medio cento de libros, outros temas e estilos: o paisaxismo, o ecoloxismo e o amor á terra (*Terra Chá*, 1954), o socialrealismo crítico e satírico (*Documentos persoas*, 1958; *Poemas para construír unha Patria*, 1976) ou a poesía dirixida ao público infantil (*Os soños na gaiola*, 1968).

- [Uxío Novoneyra](#) (O Courel, 1930 - Compostela, 1999): traxectoria poética caracterizada polo diálogo coa natureza, especialmente das montañas do Courel. Porén, a súa poesía vai máis alá do paisaxismo e hai nela tres dimensións temáticas: a telúrica (concepción animista do mundo), a existencial e a política (afirmación da identidade nacional galega, defensa da lingua, solidariedade cos pobos asoballados do mundo).



A súa poesía, aparentemente sinxela (linguaxe moi sintética), presenta innovacións formais, como o experimentalismo tipográfico, os caligramas, fonosimbolismo, etc. Algunhas das súas obras son: *Os Eidos* (1955), *Elexías do Courel*, *Os Eidos-2* (1974), *Poemas caligráficos* ou *Do Courel a Compostela. Folga xeral contra da historia*. A fundación que leva o seu nome, no Courel, é unha das máis activas. Recentemente ten asinado acordos co grupo Inditex, para serigrafiar a súa poesía nunha colección de camisetas.

- [Xosé Luís Méndez Ferrín](#) (Ourense, 1938): é un autor clave na literatura galega contemporánea, tanto pola súa obra poética como pola narrativa. Inicia a súa andadura poética aos 18 anos con *Voce na néboa* (1957), obra pertencente á Escola da Tebra. En *Antoloxía popular* (1972), publicado na América baixo o heterónimo de Heriberto Bens, amosa unha clara intención social e reivindicativa.

En 1976 edita *Con pólvora e magnolias*, que supuxo un auténtico revulsivo e un cambio de rumbo na poesía galega da época. Combina dúas liñas temáticas: a política (*a pólvora*) e a intimista (*as magnolias*), con temas como a nostalxia do pasado, o paso do tempo, a morte ou o erotismo. Sen abandonar a reivindicación político-social que predominaba naqueles anos, Ferrín introduce elementos anovadores, como un enfoque menos tópico dos temas e abondosas referencias culturais. *O fin dun canto* (1982), *Estirpe* (1994), *Era na selva de Esm* (2004) e *Contra Maquieiro* (2005) son as súas obras máis recentes. Foi presidente da RAG (2010-13) e ten sido proposto para o Premio Nobel.

A nómina de poetas desta xeración é moi extensa: [Antón Avilés de Taramancos](#) (Letras Galegas de 2003), [Xohana Torres](#) (autora do poema-himno feminista "Penélope"), [Bernardino Graña](#), [Arcadio López Casanova](#)...

ANOTOLOXÍA DE TEXTOS: 1936-1975

Cain as follas...
sinto unha cousa
que se apousa en min e non me toca...
E chove pra que eu soñe
pra que eu soñe,
fala a tarde baixiño.

Uxío Novoneyra, *Os eidos* (1955)

PENÉLOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos* (1961)

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra* (1962)

A VACA

A señora Vaca traballa sen tasa
mantén a súa cría dá leite prá casa.
A señora Vaca non dá descansado
tira polo carro e arrastra o arado.

A señora Vaca -ten a cor teixa-
sofre en silencio pro non se queixa.
A señora Vaca vai do monte ao prado
e do prado ao curro con ar resignado.

A señora Vaca é humilde e mansa:
non sei que misterio na súa ollada cansa!
Non sei que misterio nos seus ollos quedos
que semellan feitos de noites e medos!

Manuel María, *Os soños na gaiola* (1972)

En Compostela pode un home

escoller óboe e docísimo cor ao contrapaso,
decaer nos tremendoiros
(VIBRA, CORAZON GASTADO!)
tenra especie de prantas espirais
e afluca ou seixo de xogar antre os dedos.

Pode pedra luída
alzarte sobre sí coma un guerreiro
é proclamado rei de oucas e carballeiras vellas.
En Compostela pode un vento duro
estremecer o corazón da Europa campesina
que todos temos dentro sen decilo.

En Compostela soan polonesas,
nacionalmente, en moitos plenilunios
cabo de transparentes ollos, mortos,
e un barroco de bronce ergue paxaros de duro mar-
more
e oubear oubean os couselos
nas murallas de San Martiño Pinario.

En Compostela, enfín,
compañías de mortos compañeiros
comen caldo insumiso na lembranza ilustrada
(VOTO POR VÓS: ROSALIA, PONDAL, FARALDO)
das cabezas alzadas.

En Compostela esta o que perdemos
e vai facendo noutros e esto é o grande milagre
(UNHA LAPA LENE, UNHA CANDELEXA!)
da conciencia desta patria
conservada en pequenos corazóns
ardentes con fogo doceque non morre.

En Compostela soterraron a semente
chamada Xohan Xesus Gonzalez. porta
dun futuro suntuoso e proletario
que avanza cara a nós con alboroto
e vénme o arreguizo somentes de pensalo e de ama-
lo.

En Compostela estamos
moitos xa para sempre derrotados.

X.L. Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)